



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: Representante Xeral do Bloque Nacionalista de Galicia

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 29 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (RE 347/2024) contra o Partido Popular por vulneración do artigo 53 LOREX, solicitando a retirada de todos os anuncios que vulneran a Lei.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 27 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (RE 347/2024) formulou unha denuncia dirixida ao Partido Popular en relación á publicidade contratada polo Partido Popular na rede social X.
2. O 29 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao representante xeral do Partido Popular (RS 767/2024) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (RS 768/2024).
3. Cumprindo o trámite concedido, o 30 de xaneiro de 2024, o Partido Popular formulou alegacións (RE 362/2024) nas que se alega que nin son anuncios pagados nin as publicacións conteñen petición de voto expresa ou implícita aos electores e carecen de carácter persuasivo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A presente denuncia debe analizarse á luz do artigo 53 da LOREX e da Instrución 3/2011 da XEC, sobre interpretación da prohibición de realización de campaña electoral incluída no artigo 53 LOREX, en concreto se dispón no seu parágrafo segundo que se prohibe, desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña electoral, a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no senso de que *«durante el referido período, las formaciones políticas y las candidaturas no podrán contratar directamente ni a través de tercero, espacios, soportes o sitios para la difusión de publicidad o propaganda electoral, ya se realice en lugares públicos (jardines, plazas, parques, etc.), ya en soportes comerciales de cualquier tipo, sean vallas, muebles urbanos para la presentación de información (mupis), objetos publicitarios iliminados (opis), cabinas, medios de transporte o similares. Tampoco está permitida la inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales.»* (Primeiro.2 da Instrución).

Da análise da denuncia, esta xunta electoral constata que a formación recorrente non ten acreditado que se tivese producido a contratación denunciada, feito que é negado pola formación política denunciada, polo que, esta Xunta electoral debe entrar a examinar si o contido da publicidade denunciada pode considerarse como un acto de propaganda prohibido polo artigo 53, e en concreto, os eslogans que se conteñen nas publicacións do Partido Popular denunciadas se transcriben a continuación: *“O mellor lugar para vivir, Galicia”*; *“el único camino posible, Alfonso Rueda”*, *“consciente do que me xogo”* e o anuncio do transporte público gratuíto para menores e maiores, este último cun enlace á paxina da Xunta de Galicia e a mención que se recolle en relación ao independentismo galego do BNG, en concreto, *“Este é o goberno que queren os galegos?”*.

Das anteriores insercións en redes sociais, esta Xunta electoral conclúe que, si ben é certo que en ningún deles se pide expresamente o voto, isto non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa ou indirectamente pretenda a captación de sufraxios (art. 50.4 da LOREX). No presente caso se inclúen mensaxes que reflexan a intención de persuadir ao elector en orde a apoiar a devandita formación política e polo tanto exceden do que se considera funcións constitucionalmente recoñecidas aos partidos políticos.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

ACORDO

1. Estimar parcialmente a denuncia e declarar que o Partido Popular incorreu na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX.

Unha vez ponderado o alcance das publicacións con connotación electoralista, non procede a incoación dun procedemento sancionador. Non obstante, recórdaselle á formación política concernida a prohibición de realizar calquera outra difusión de publicidade e publicacións deste tipo, advertíndolle de que, de realizar unha conducta similar, procederase a incoar, se é o caso, o correspondente procedemento sancionador.

2. Ordenar a inmediata retirada das insercións publicitarias e publicacións da rede social X do partido político de referencia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:00 horas do próximo día 3 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica

Por orde do presidente

da Xunta Electoral de Galicia